

PAUTAS PARA A BOA CONVIVENCIA

RESPECTAR os dereitos dos demais residentes e do persoal vinculado ó Centro, así como o horario da Residencia e dos seus servizos.

RESPECTARASE o silencio na Residencia de Estudantes a partir das **23:00** horas e ata as **07:00** horas. Neste horario evitarase a música, televisión e calquera ruído que perturbe o descanso tanto dentro da Residencia coma nas súas inmediacións.

NON se permite a celebración de festas dentro das habitacións ou en zonas comúns, así coma no perímetro interior das instalacións da Escola.

Os residentes deberán ir vestidos de maneira axeitada nas zonas comúns da Residencia de estudantes, sen ofender o senso de honestidade e o pudor.

As visitas recibiranse nas zonas comúns. Nas habitacións non se permite a entrada de persoas alleas á Residencia de estudantes.

Manteranse en condicións de habitabilidade e salubridade as habitacións, locais e instalacións da Residencia.

Se algún residente desexa ausentarse para pasar a noite fora da Residencia deberá notificalo con carácter previo ao persoal da Residencia.

NON está permitida a tenencia ou permanencia ocasional de animais de ningún tipo dentro da Residencia e o seu entorno.

NON están permitidas as apostas de ningún tipo e de calquera xogo.

NON ESTÁ PERMITIDO fumar en toda a Residencia.

NON se permitirá a posesión, consumo ou tráfico de calquera clase de drogas, estupefacientes e sustancias psicotrópicas ou a incitación a outras persoas ao consumo, así coma a posesión ou consumo de alcohol, posesión de armas de fogo e armas en xeral, sustancias explosivas ou inflamables ou obxectos de calquera tipo que podan representar risco de dano físico ou psíquico sobre outras persoas

NON se permite o cambio de mobiliario entre habitacións, o uso das paredes para a súa propia decoración.

NON se permite o acender velas ou similares e, en xeral, calquera aparato ou elemento que produza chamas ou fumes


CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

- Faltar ao respecto dos residentes ou o persoal do Centro na área residencial.
- A tenencia ou consumo de alcohol ou calquera tipo de drogas, sustancias estupefacientes ou sustancias psicotrópicas en toda a área residencial
- A realización de calquera tipo de novatada ou acto individual ou colectivo que atente contra a dignidade dos residentes e persoal de servizo.
- Cometer unha agresión física ou verbal contra calquera persoa que se encontre na Residencia.
- Falsear os datos do contido da solicitude para obter praza ou calquera outra información solicitada pola Residencia.
- A acumulación de tres faltas graves nun período de catro meses consecutivos.
- Conducir calquera vehículo de xeito temerario e irresponsable dentro do recinto do centro ou nas súas inmediacións, que causen un accidente ou incidente grave.

As conductas **GRAVES** e **LEVES** aparecen detalladas nas NOF nos apartados 6.4.1 e 6.4.2

AS MEDIDAS CORRECTORAS APARECEN NO APARTADO 6.5 DAS NOF.

- As medidas das faltas gravemente prexudiciais serán decididas pola Dirección da Residencia, respectando os principios de contradición e audiencia do interesado/a.
- A Dirección tamén valorará o carácter intencional da actuación cometida, así como a súa reincidencia.
- O quebrantamento dunha falta gravemente prexudicial levará a apertura dun expediente e da correspondente expulsión da residencia.



EQNP

ESCOLA OFICIAL
NÁUTICO-PESQUEIRA
DE FERROL

NORMAS DE RÉXIME INTERNO DA RESIDENCIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Desenvolvemento
Pesqueiro

CONFORME O/A ALUMNO/A;

NOME E APELIDOS: _____

DNI: _____ FIRMA: _____

HABITACIÓN: _____ PLANTA: _____ ANO CURSO: _____

CURSO MATRICULADO: _____

MODALIDADE RESIDENCIA: _____

EN FERROL, A _____ DE _____ DE 20 _____

O/A asinante coñece as normas de réxime interno (NOF) da residencia e acepta o seu cumprimento

NORMAS DE RÉXIME INTERNO DA RESIDENCIA

A Residencia de Estudantes da Escola Náutico Pesqueira de Ferrol, nace xunto coa Escola coa finalidade de ofrecer un servizo integral de formación e aloxamento ós estudantes e profesionais do mar, axudándolles para que por medio da súa formación promovan e proxecten os seus coñecementos no seu ámbito profesional.

O réxime da Residencia é de pensión completa, (almorzo, xantar e cea), de luns a xoves e os venres só almorzo e xantar; excepto os períodos de vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa e aquelas datas non lectivas segundo o calendario escolar aprobado para o curso académico; media pensión e xantar non diario.

As persoas que teñan adxudicada praza na Residencia da EONP de Ferrol poderán facer uso dela no horario que abrangue desde as **20:00** horas dos domingos ou festivos ou vésperas de data lectiva ata o venres ou véspera de data non lectiva ás **21:00** horas.




Aos efectos de facilitar o descanso dos residentes, os alumnos/as residentes retiraranse as súas habitacións antes das **24:00** horas, que se considera a hora de **silencio absoluto**. Pola mañá deixarán libre a habitación antes das **09:00** nas condicións requiridas para a súa limpeza e mantemento, agás naqueles casos en que o alumno/a se atope indisposto ou por causa xustificada comunicada ao educador/a de garda. Poderán volver a ocupar a habitación de novo ás 13:00 horas.

SE REQUIRE que o residente **faça a cama e abra a ventá** para ventilación da habitación antes da súa limpeza.
De non ser así, tomaranse as medidas oportunas para o seu cumprimento.

A PENSIÓN COMPLETA INCLÚE, tres comidas diarias, habitación dobre con roupa de cama, baño compartido e uso das instalacións comúns (biblioteca de alumnos, sala de televisión e ocio e pista deportiva e wifi).

NON SE INCLÚE NA PENSIÓN COMPLETA, servizo médico propio, toallas e uso de teléfono.

Os ÓRGANOS de REPRESENTACIÓN da Residencia, onde terán representación o alumnado, serán os seguintes:

-  Comisión da Residencia
-  Delegación de alumnos
-  Consello Escolar

Ao tomar posesión da habitación entregaráselle ao residente un chave da mesma identificada polo número de habitación. Cando o alumno ou alumna abandone a Residencia, por calquera motivo, **deberá entregar a chave ao persoal do centro**, educadores ou conserxe. De non ser así e ser necesaria a substitución da pechadura o coste da mesma correrá a cargo do alumno ou alumna.

Ao tomar posesión da habitación, cada usuario disporá dunha folla de revisión da habitación, onde fará constar os danos ou anomalías observadas. Entenderase que a habitación foi entregada en perfecto estado, se nun prazo máximo de 24 horas a folla mencionada non foi cumprimentada e entregada ao educador ou educadora de servizo, ou na secretaria do centro.

Calquera dano producido nas instalacións ou no mobiliario, tanto nas habitacións como nas zonas comúns ou nas zonas exteriores, comunicarse ao persoal da Residencia. Se o dano se producira polo uso inadecuado dos mesmos, a súa reparación ou reposición deberá ser abonada polo residente que o orixine.